



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Prácticas de gramática contrastiva

Materia	Prácticas de gramática contrastiva			
Código	V01G160V01912			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Palacio Sánchez, José Antonio			
Profesorado	Palacio Sánchez, José Antonio			
Correo-e	xpalacio@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Na materia que presentamos explicaremos e traballaremos as diferenzas entre as dúas linguas, galego e castelán, no nivel sintáctico e na morfoloxía mais insistiremos esencialmente no léxico e na fraseoloxía. Trataremos de evitar as interferencias producidas entre ambas as linguas semellantes e insistiremos nas diferenzas fundamentais.			

## Competencias

Código	
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
C5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
C7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
C8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
C9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
C13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
D2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
D5	Que o alumnado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer a fondo as particularidades da gramática das linguas galega e castelá	A2	C4
	A3	C5
	A4	C7
	A5	C8
		C9

Integrar aspectos vencellados á lingua, à comunidade e á cultura xordas na súa maneira de ver o mundo.

Integrar aspectos vencellados á lingua, à comunidade e á cultura xordas na súa maneira de ver o mundo.

Practica-los fundamentos teóricos gramaticais propios de cada lingua en diferentes exercicios e fixalos mediante a aplicación na expresión escrita e oral, en diferentes rexistros e ámbitos de uso: coloquial, administrativo, literario, publicitario ou científico.	A2	C7	D2
		C8	D5
		C13	

## Contidos

### Tema

1. As interferencias fonéticas	a) Na entoación, especialmente nas interrogacións. b) As vogais (e, o) abertas e cerradas. c) Uso da nasal velar galega en contextos de fonética sintáctica/castelán: nasal velar d) Seseo e gheada. Hipercorreccións. f) Cambios acentuais: heroe/héroe; *alguién[], mísil/misil...
2. Interferencias na ortografía.	Castelán H/galego %: hermano/irmán, hombro/ombro, húmero/úmero.. Castelán %/galego H: armonía/harmonía, filarmónica, filarmónica Os grupos consonánticos [ct] e [cc] en castelán e en galego (dictado, coducta/ditado, conduta; diccionario, obstrucción/diccionario, obstrucción). Grupos consonánticos do galego que non se conservan no castelán (pneumonía, psicanálise, pronóstico, obxecto...) Acento: palabras con distinta sílaba tónica nas dúas linguas (atmosfera/atmósfera...); as alternancias acentuais admitidas pola RAE e non pola RAG (aerostato e aeróstato, gladiolo e gladiolo...), etc.
3. Interferencias na morfoloxía	O substantivo e o adxectivo, o artigo, os demostrativos, os pronomes persoais -dativo de solidariedade, dativo ético, pronome de interese-, posesivos, cuantificadores e identificadores, relativos, numerais, o verbo [atención especial ás perífrases], o adverbio, os elementos de relación: preposicións e conxuncións.
4. Interferencias na sintaxe.	*ahí lo está, *aló lo va/*vamos ver;* venimos pedirle... /*creo de que vendrá/ *tú y más yo/*estás todo el día a dormir, *anda a pedir/ *no quiero más nada/ *media hora o así una cosa/ *y luego?, etc.
5. Interferencias no léxico.	Antropónimos en galego e en castelán. Topónimos e xentilicios. Falsos amigos. Léxico galego e castelán non admitido polo estándar. Léxico galego enxebre usado incorrectamente.
6. Fraseoloxía contrastiva	Refráns e ditos

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	34	0	34
Outros	0	23	23
Traballos tutelados	0	18	18
Sesión maxistral	12	18	30
Probas de resposta curta	2	23	25

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	As clases serán eminentemente prácticas, coa análise e construción de textos e con exercicios sobre os aspectos problemáticos en ámbalas dúas linguas.
Outros	Durante o período de traballo autónomo sen docencia, os alumnos deberán ler e resumir 10 artigos dos contidos nos libros de Lázaro Carreter El dardo en la palabra, Ed. Galaxia Gutenberg. España 1997 ou de El nuevo dardo en la palabra, Ed. Alianza, 2005. Outros 10 do libro de Xusto Rodríguez. Río (2008) Un idioma preciso. Extractos de lingua en movemento. Santiago, 2.0 Editora. Entregarán os resumos ó profesor, que os devolverá corrixidos.

Traballos tutelados	Antes do día 1 de maio do ano 2016, cada alumno deberá entregar, preparados como para editar, dous textos breves galegos traducidos ó castelán e mais outros dous casteláns traducidos ó galego (coma tal, artigos de xornal ou revista). Coas traducións entregará o orixinal ou unha fotocopia dos textos traducidos. O profesor suxerirá cales serán eses textos ou dará a aprobación previa ós que o alumno propoña.
Sesión maxistral	Unha hora semanal estará dedicada á exposición teórica dos aspectos máis problemáticos da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	Para consultar algunha dúbida, o alumno pode facelo na clase, nas horas de titoría ou por correo electrónico.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Traballos de aula	A avaliación realizarase de xeito continuado ao longo do curso. Teranse en conta a iniciativa e o grao de participación dos alumnos na clase, así como a realización das prácticas propostas, que deberán entregarlle ao profesor cando as solicite. Realizaranse dúas probas durante o curso para avaliar o traballo e a competencia de cada alumno.	40	A2 A3 A4 A5		
Traballos tutelados	Tradución dos catro textos citados no apartado 5. Ademais da adecuación das traducións, é indispensable a corrección formal dos textos: redacción, puntuación, ortografía, léxico, tipografía. Póñase especial atención en evita-los falsos amigos e os erros morfolóxicos e sintácticos.	30		C13 D2 D5	
Probas de resposta curta	Cada mes avaliaranse os contidos teórico-prácticos explicados na aula.	30	A2 A4	C7	D2

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os alumnos deberán escoller a principio de curso ou un sistema de avaliación continua ou un sistema de avaliación única. A avaliación única consistirá nun exame de tódolos contidos da materia (100%) que se realizará na última semana de clases (as clases acaban o 8 de maio de 2015). A avaliación continua precisa dun 80% de asistencia obrigatoria ás clases. Na convocatoria de xullo os alumnos deberán presentarse a un único exame.

### Bibliografía. Fontes de información

- Acín Villa, E. (1996):, «**Galeguismos en la prensa gallega escrita en castellano**», en Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid, 267-276.,
- Bröking, Adrian (Universidad de Bremen), «**El contacto lingüístico entre castellano y gallego: juicios metalingüísticos de un hablante bilingüe**», Actas do I Simposio Internacional sobre o bilingüismo.,
- Cotarelo Valledor, A (1927), «**El castellano en Galicia (notas y observaciones)**», BRAE XIV/66, 82-136,
- Fernández Rei, Francisco (1998), «**A situación actual da lingua galega**», Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca V,
- Fernández Salgado, B. (coord.) (1991), **Diccionario de dúbidas da lingua galega.**, Galaxia,
- García, C e Blanco, L. (1998), **El castellano de Galicia. Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano**, Anaya,
- García, C. (1976), «**Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano**», Revista de la Sociedad Española de Lingüística 6/2, 327-343,
- Graña Núñez, X. (1993), **Vacilacións, interferencias e outros «pecados» da lingua galega**, Ir Indo,
- Herrero Figueroa, M.C.& J.R.Lago Saavedra (1991), «**Aspectos más sobresalientes del contacto gallego-castellano en las aulas**», En Actas do I Simposio Internacional da Didáctica da Lingua e a Literatura (Santiago de Compostela,,
- Mariño Paz, R. (1998):, **Historia da lingua galega**, Sotelo Blanco,
- Mas Álvarez, I. (1999), «**El intercambio de los verbos «sacar» y «quitar» en el castellano de Galicia**», n R. ÁLVAREZ & D.VILAVEDRA (coord.): Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús A,
- Monteagudo, H. & A.Santamarina (1993), «**Galician and Castilian in contact: historical, social, and linguistic aspects**», En R. POSNER & J.N. GREEN (eds.): Trends in Romance Linguistics and Philology,
- Parga Valiña, E. (1999), «**A interferencia lingüística no galego oral**», en Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ao profesor Xesús Alonso Montero,
- Paula Pombar, M. N. (1996), «**Castellano y gallego en Mazurca para dos muertos**», en Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid,
- Penas Varela, E., **Sobre los galeguismos en Los pazos de Ulloa, de Emilia Pardo Bazán**,, Alicante : Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2005,
- Porto Dapena, A. (2001), «**El español en contacto con el gallego**», II Congreso Internacional de la Lengua Española. Valladolid,

- Rabanal, M. (1967), «**Gramática breve del castellano hablado en Galicia y otros temas**», En M. RABANAL (ed.): Hablas hispánicas. Temas gallegos y leoneses,
- RAE e Asociación de Academias de la Lengua Española (2005), **Diccionario panhispánico de dudas**, Santillana,
- Ramallo, F. (2007), «**Sociolinguistics of Spanish in Galicia**», International Journal of the Sociology of Language 184, 21-36,
- Recalde, M. (2012), «**Aproximación a las representaciones sociales sobre el español de Galicia**», en Cum corde et in nova grammatica, Estudios ofrecidos a Guillermo Rojo,
- Regueira, X. L. (1994), «**Modelos fonéticos e autenticidade lingüística**», Cadernos de Lingua, 10, 37-60.,
- Rodríguez López-Vázquez, A (eds.), **Actas do I Simpósio Internacional de Didáctica da Língua e a Literatura**, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 195-201,
- Rojo, G. (1974), **Perífrasis verbales del gallego actual**, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.,
- Rojo, G (1981), «**Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia**», Revista Española de Lingüística 11/2, 269-310,
- Rojo, G (2004), «**El español de Galicia**», En R.CANO (coord.): Historia de la lengua española,
- Salvador, G. (1987), **Estudios dialectológicos**, Paraninfo,
- Seco, M. (2011), **Nuevo diccionario de dudas y dificultades de la lengua española**, Espasa Calpe,
- Silva Domínguez, C. (1999), **A estrutura do complemento directo na prosa do castelán de Álvaro Cunqueiro como galeguismo sintáctico**», en Cinguidos por unha arela común. Homenaxe aó profesor Xesús Alonso Montero,
- Silva Domínguez, C (2003), «**Un novo intento de clasificación das interferencias do castelán sobre o galego, coa perspectiva do ensino primario e secundario ó fondo**», Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo,
- Silva Valdivia, B. (1999), «**¿Qué sucede cuándo mezclamos los idiomas? ¿Qué puede hacer el profesor de lengua?**», en Actas del VII Simposio de profesores de español,
- Valinha Reguera, José Luis, **O contacto entre Línguas O crioulo e o "castrapo": Especial Referêncía ao caso da Galiza**, Páxina web da Associação Galega da Língua,
- Vázquez Veiga, N. & C. Fernández (1996), «**Un caso de interferencia lingüística: la forma y luego en el castellano de Galicia**», En CASADO VELARDE et al. Scripta philologica in memoriam Manuel Taboada Cid,
- Woolard, K. (2007), «**La autoridad lingüística del español y las ideologías de la autenticidad y el anonimato**», en J. DEL VALLE(ed.): La lengua, ¿patria común? Ideas e ideologías del español,
- Zamora Vicente, A. (1985), **Dialectología española.**, Gredos,

---

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Edición de textos/V01G160V01904

---

## Outros comentarios

Para cursa-la materia, os alumnos de Erasmus deberán posuir un nivel avanzado de coñecemento (C2) de, polo menos, unha das linguas de traballo: galego e castelán.

Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo diario e continuado.

Aconséllase a consulta periódica de <http://ocartafol.usc.es> ou de

<http://www.usc.es/gl/servizos/snl/terminoloxia/uiip/index.html>) e a subscripción ó [Boletín de recomendacións] da Fundación del Español Urgente ([www.fundeu.es](http://www.fundeu.es)).